

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

19. SUBVENCÍONS, CESIÓN DE BALDE E APORTACIÓNS ECONÓMICAS

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPd).

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

FINS

Concesión de subvencións ou axudas a entidades. Subvencións en especie. Cesións de bens de balde.

Subvencións aos grupos parlamentarios.

Aportacións económicas por mor de compromisos adoptados con entidades públicas.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

As persoas e ou entidades beneficiarias.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

Datos económicos: datos bancarios. Relación e acreditación de gastos cos datos que neles figuran.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal comunicaranse, para o cumprimento dos fins descritos ás entidades bancarias, e, se é caso, a outras Administracións Públicas.

Os datos de carácter persoal relacionados poderán ser publicados, do xeito legalmente previsto, nos boletíns e/ou diarios oficiais.

Non están previstas cesións de datos, agás a órganos de control externo, entidades bancarias coas que proceda, axencias tributarias ou Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.